

Compatibilidade da teoría do proceso interliterario coa dos polisistemas: o conxepo de comunidade interliteraria específica¹

Mónica Domínguez Pérez

[Recibido, xaneiro 2010; aceptado, febreiro 2010]

RESUMO Aínda que parezan contraditorias entre si, as teorías do proceso interliterario proposta por Đurišin e a dos polisistemas de Even-Zohar son compatíbeis e poden complementarse para conxugalas nun estudo que sexa máis completo. O presente estudo demostra esta afirmación, analizando as unidades coas que traballa cada teoría e defendendo que a literatura nacional (unidade da teoría do proceso interliterario) é un construto formado a partir da selección de certos elementos dos polisistemas (unidade da teoría de Even-Zohar). Revisanse a continuación certos traballos que conxugaron ambas as teorías. Finalmente, adáptanse as características das comunidades interliterarias específicas (concepto acuñado por Đurišin) á teoría polisistémica, exemplificando deste xeito como se poden complementar ambas as teorías.

PALABRAS CHAVE: Teoría literaria, polisistemas, proceso interliterario, comunidade interliteraria específica.

ABSTRACT Interliterary processes propounded by Đurišin and Even-Zohar's polysystems, are in fact compatible, and may be used to complement each other thus producing a more complete analysis. This article shows that this is possible, analysing the areas covered by each theoretical approach, and proposing that a 'national literature' (in terms of the interliterary process) is a construct resulting from the selection of certain elements of polysystems (Even-Zohar). The author goes on to review studies which have attempted to marry the two theories. The conclusion adapts the features of specific interliterary communities (Đurišin) to the polysystem theory, thus demonstrating that the two theoretical viewpoints can indeed be complementary.

KEYWORDS: Literary theory, polysystems, interliterary system, specific interliterary communities.

¹ Este traballo forma parte do proxecto de investigación "Historia comparada das literaturas: aplicacións ao dominio ibérico" (HUM 2004-00314), financiado polo Ministerio de Educación e Ciencia de España e polo Fondo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

1. Introducción

As teorías do proceso interliterario e a dos polisistemas son, a primeira vista, opostas e excluíntes entre si, posto que centran o seu estudo en obxectos e cuestións diferentes. Pero neste traballo vaise demostrar a súa compatibilidade, que pode resultar útil para conxugar ambas nun estudo que teña en conta tanto a realidade factual como as imaxes literarias creadas pola sociedade. Como resultado teremos unha visión máis completa e menos parcial da vida literaria da comunidade. Esta inclusión das dúas teorías nun mesmo estudo vaise exemplificar co concepto de “comunidade interliteraria específica” (en diante CIE), que parte da teoría do proceso interliterario pero resulta útil adaptalo tamén á teoría dos polisistemas, tendo en conta así valiosas investigacións anteriores.

A posibilidade de combinar dúas ou máis teorías nun mesmo traballo é defendida por algúns autores (por exemplo, González-Millán, 2000: 19-22). Agora ben, cómpre ter en conta as posíbeis incompatibilidades, que xorden cando dúas ou máis teorías posúen visións contrapostas e excluíntes entre si dos mesmos fenómenos. Polo tanto, a continuación presentarase unha comparación entre a teoría dos polisistemas e a do proceso interliterario, para detectar as posíbeis incompatibilidades.

A teoría do proceso interliterario ten a Āurišin (1984, 1989, 1993) como o seu máximo expoñente, investigador da Escola de Bratislava que desenvolveu a súa teoría entre os anos 80 e 90 do século XX. Os textos que nos chegaron deste e doutros autores sobre esa teoría non son abundantes no seu conxunto. A teoría dos polisistemas, pola súa banda, foi postulada por Even-Zohar (1978, 1990, 2004), investigador da Escola de Tel Aviv que contou cunha ampla difusión das súas obras e numerosos seguidores das súas teorías, principalmente no ámbito dos Estudos de Tradución. Serán estes dous investigadores os que máis se terán en conta para a elaboración deste traballo.

2. Comparación das teorías

Ambas as teorías conciben a literatura como un sistema de relacións que se establecen entre diferentes entidades:

A polysystem –a multiple system, a system of various systems which intersect with each other and partly overlap, using concurrently different options, yet functioning as one structured whole, whose members are interdependent (Even-Zohar, 1979: 290).

The literary phenomenon of itself represents a closed whole, which consists of a whole series of elements which are mutually closely interconnected. The quality of adherence of the various elements within the system determines in the entire whole the quality and unique nature of the literary phenomenon (Ďurišin, 1984: 263-264).

O estudo das relacións entre os diferentes fenómenos constitúe a tarefa principal dos estudos literarios. Non obstante, a concepción de tales entidades e relacións é diferente en ambas as teorías. Por unha parte, Ďurišin posúe unha visión textocéntrica da literatura, centrada nas obras, os autores e os períodos literarios. Pola contra, Even-Zohar propón unha ampliación deste concepto, estendéndoo a todos os axentes e elementos que producen os textos, que os manexan, que os constitúen, etc. Esta última postura resulta máis adecuada, xa que ten en conta moitos axentes (editor, tradutor, lector indirecto, mercado...) que teñen o seu papel na configuración do sistema literario, e que serían excluídos na teoría de Ďurišin.

As relacións que se establecen entre esas entidades literarias tamén son de distinto signo. Consonte as teorías de Ďurišin parece que os elementos se integran uns dentro doutros: cada corrente literaria ten varios autores, cada autor varias obras, cada obra varios elementos... Entre constituíntes dun mesmo nivel (por exemplo, entre literaturas nacionais) as relacións poden ser de afinidade tipolóxica (certa analoxía literaria, social ou psicolóxica) ou de contactos xenéticos (o autor recibe uns elementos e reelabóraos nas súas obras). O labor do comparatista, xa que logo, consiste en estudar estas relacións e afinidades, detectar os constituíntes máis representativos do proceso interliterario e construír con eles a historia literaria comparada. Non se fala de estruturación, senón simplemente de xeneralización ou abstracción, nun proceso que vai do máis concreto ao máis xeral. Priorízanse así os elementos máis representativos das relacións interliterarias.

Even-Zohar, pola contra, propón o estudo dunha armazón de relacións literarias máis complexa. E isto non só porque considera outros axentes dos que non fala Ďurišin, senón tamén porque concibe o conxunto de entidades

literarias como unha rede estruturada e xerarquizada. As relacións son múltiples e dinámicas, talvez máis complexas que as establecidas na teoría interliteraria, pero non por iso caóticas nin arbitrarias. Por exemplo, dentro dun polisistema existe o sistema da literatura central (a que establece as normas predominantes no sistema) e a literatura periférica, desprazada do centro da vida literaria. Tamén se divide a literatura entre a que é traducida e a que non o é, a que se publica para nenos e mozos e a que se publica para adultos, etc. Polo tanto, a teoría polisistémica resulta máis completa e axustada á realidade.

En virtude das súas diferentes concepcións do literario, ambas as teorías consideran unidades distintas no estudo das relacións entre literaturas. Mentres que para Āurišin a unidade do proceso interliterario é a literatura illada, e en especial a literatura nacional, para Even-Zohar as relacións interisté-micas establécense entre polisistemas. Vexamos as diferenzas.

O concepto de “literatura illada” implica certo illamento, separación clara entre literaturas e ausencia (ou escaseza) de relacións interliterarias. Por iso parece situarse no inicio dunha evolución teleolóxica da que Āurišin fala (Cabo, 2004: 40), considerando un proceso histórico que conduce á configuración da literatura mundial:

La letteratura si muove verso nuove forme di esistenza. Studiando l'interletterarietà, ci siamo accorti che l'aspetto dell'evoluzione graduale della letteratura verso forme di esistenza più generali è altamente significativo (2000: 177).

Este sentido é en todo contrario ao do polisistema, que se atopa sumido nunha rede de relacións máis ampla, tanto con outros polisistemas sociais e culturais como con outros polisistemas literarios.

Mais tamén sería contradictorio concibir a literatura illada de Āurišin dentro dunha CIE; é dicir, dun grupo de literaturas onde as relacións interliterarias son especialmente intensas. Debemos pensar, pois, que Āurišin (1993) usa o concepto de “literatura illada” como o xenérico das unidades literarias colectivas e organizadas, incluíndo tanto a literatura nacional como a das cidades gregas, a literatura étnica moderna, etc. Neste sentido aproxímase máis ao concepto de polisistema, polo que ten de múltiples posibilidades, entre as que hai que escoller a que máis se adapta á realidade. Porén, o propio Āurišin sinala que as CIEs adoitan constituírse de literaturas nacionais, e por iso convén comparar ese concepto co de polisistema.

A teoría dos polisistemas pretende abarcar todas as formas, elementos e axentes do literario: dende o tradutor até as institucións, dende os modelos canónicos até os máis periféricos, xa fronteirizos con outros sistemas culturais, como poden ser os libros de lecturas escolares, as traducións ou as adaptacións cinematográficas de obras literarias. As fronteiras non están ben delimitadas, xa que os polisistemas se atopan inseridos nunha rede cultural máis ampla, establecendo múltiples vínculos con outros polisistemas sociais, económicos, ideolóxicos, etc. Pola contra, nos estudos sobre as literaturas nacionais non se recoñecen todos estes axentes nin formas literarias, ou polo menos non se tematizan, siléncianse e mesmo sofren rexeitamento por “estranxeiros”, como ocorre coas traducións. Os polisistemas han de abarcar todo o que funciona na realidade como literario; as literaturas nacionais constitúen unha selección dese material.

A organización dos polisistemas lévase a cabo segundo o seu funcionamento na sociedade. Así, créanse os sistemas da literatura infantil, a literatura traducida (que inclúe as pseudotraducións², sempre que funcionen coma tales) e outros. As literaturas nacionais, pola súa banda, son organizadas polos críticos, as institucións e os historiadores da literatura, entre outros. Eles son os que crean a conciencia da literatura nacional, a proclaman e a difunden, especialmente a través das escolas. Trátase dunha selección e organización ideoloxicamente condicionada, que non exclúe criterios políticos e ideolóxicos para a valoración dos textos literarios. Trátase tamén dun construto institucionalizado e lexitimado polos poderes. Así, por exemplo, para saber se as Cantigas de Santa María de Afonso X “O Sabio” pertencen á literatura galega ou á castelá moitas persoas acudirían aos libros de Historia Literaria, ou aos filólogos, para realizar a consulta.

Polo tanto, a organización dos polisistemas non coincide necesariamente coa das literaturas nacionais. Por exemplo, nun polisistema no que as traducións ocupasen unha posición central, os defensores da literatura nacional colocarían outro tipo de obras, xa que non recoñecerían as traducións como “nacionais”. Agora ben, noutros moitos casos a organización de ambas as unidades é similar (non pode ser idéntica debido á exclusión de moitos elementos

² Este termo, explicado por Toury (1995: 40-44), designa as obras que se presentan como traducións sen selo.

na literatura nacional). As institucións e outros grupos do poder (nacionalistas) teñen a capacidade de impoñeren certa visión da literatura, de canonizar unhas obras (ou modelos) e excluíren outras, de “clasificaren” a literatura en infantil ou de adultos, literatura vangardista, realista... Polo tanto, o funcionamento da literatura na sociedade e nos polisistemas réxese decote polo que ditan as institucións, os expertos en literatura, e xa que logo coincide co que se propón para as literaturas nacionais (aínda que nesta non se fale dunha estruturación similar á dos polisistemas).

Así pois, a maneira na que se percibe a literatura inflúe en como se usa. Coma tal, se os galegos perciben que a súa lingua, a súa literatura e a súa nación é diferente da portuguesa (porque, entre outros motivos, así llelo aprenderon na escola), daquela os galegos apenas lerán a literatura portuguesa, e esta pode ficar separada da galega. A cuestión da literatura nacional é unha cuestión de identidade, é un construto co que se pretende alcanzar e manter a cohesión socio-semiótica dun grupo, a prol dunha cultura común ao grupo social. O mesmo obxectivo é postulado por Even-Zohar (2002: 46) para a creación de repertorios nos polisistemas, aínda que logo estes se rexan por outros moitos factores.

48

Outra cuestión é a delimitación destas unidades. Nas literaturas nacionais adoitan establecerse algúns criterios que determinan a entrada ou non de cada obra ou autor na literatura nacional. O criterio máis importante adoita ser o lingüístico ou filolóxico, que Even-Zohar (1986) parece considerar o único decisivo en “Language Conflict and National Identity”. Pero decote este criterio debe ser combinado co xeográfico, o político-administrativo, o temático (hai certos temas considerados “nacionais”), etc. para delimitar certa literatura nacional doutra que use a mesma lingua. Así, a “literatura española” sería só a que se escribe en España, e non a das colonias ou ex-colonias españolas, aínda que ás veces estas foron apropiadas cun discurso imperialista. O uso de criterios máis ou menos obxectivos permite a ilusión de que hai unha diferenza evidente entre unhas literaturas nacionais e outras, pero o certo é que a delimitación non é sempre doada. Por exemplo, a que literatura asignar un texto bilingüe? En calquera caso, os defensores e construtores da literatura nacional tenden a salientar as obras canónicas e desatender os fenómenos de fronteira, co cal eluden moitas cuestións espiñentas ás que se terían que enfrontar.

Os criterios de lexitimación das literaturas nacionais funcionan a miúdo como normas sistémicas (Torres, 2004). Isto quere dicir que as linguas non só permiten delimitar literaturas nacionais, senón en ocasións tamén polisistemas diferentes. Por exemplo, o polisistema galego (ao igual que a literatura nacional galega) está constituído case exclusivamente polas obras escritas en lingua galega, que non se sitúan noutros polisistemas. Cando se quere introducir unha obra escrita en catalán no polisistema galego cómpre traducila, é dicir, adaptala ás normas deste polisistema, o que implica o cambio de código lingüístico. Agora ben, a delimitación dos polisistemas non é tan sinxela, xa que que posúen amplas periferias que inclúen fenómenos fronteirizos e solapamentos con outros polisistemas. Non abonda con establecer unha ou varias normas de entrada no polisistema, cómpre ver como funciona cada factor polisistémico. Así, por exemplo, as traducións do éuscaro ao castelán editadas no País Vasco e Navarra por editoriais vascas como Izar, Hiru, Txalaparta ou Erein, están pensadas para os receptores de Euskal Herría que non len en éuscaro. Véndense sobre todo neste territorio, xa que é aquí onde os autores son coñecidos e apreciados. Non obstante, véndense por todo o territorio español e son lidas tamén por consumidores que non pertencen ao polisistema vasco. Malia non cumpriren o criterio nacional de estar escritas en éuscaro, habería que consideralas parte do polisistema vasco, aínda que tamén do castelán. Trátase, en todo caso, dun fenómeno de fronteira.

49

A isto cómpre engadirille o dinamismo da literatura, que pode cambiar as normas sistémicas co tempo. Outras veces discútese se a lingua nacional reivindicada non é máis que un dialecto, como o asturiano do castelán, ou o valenciano do catalán. E que dicir nos casos nos que as propias identidades nacionais se solapan. Isto é, paralelamente ás literaturas nacionais catalá, vasca, galega ou outras, uns poucos axentes propoñen unha literatura nacional española que se expresa en catro linguas (e moitos dialectos) (Cabo, 2001). Non podemos descartar tampouco os casos de binacionalidade ou pertenza dun axente a dúas literaturas nacionais. Así pois, a delimitación de polisistemas e literaturas nacionais resulta unha cuestión delicada.

Isto mesmo pode aplicarse á consideración dun polisistema coma tal, como sistema ou como subsistema. Todos eles funcionan da mesma maneira, uns dentro doutros, e todos dentro de polisistemas artísticos e culturais máis amplos. Non existe unha diferenza que se poida establecer claramente. Hai normas sistémicas que delimitan máis ou menos uns sistemas e outros, pero

tamén uns polisistemas e outros, uns subsistemas e outros. Así, por exemplo, a lingua catalá podería ser unha norma do polisistema catalán³, e dentro deste a variedade valenciana podería diferenciar o sistema valenciano, e dentro deste habería outras normas que establecerían a diferenza entre subsistemas como o da literatura infantil e xuvenil ou a literatura traducida, entre outros. Pero talvez co tempo o sistema valenciano se constitúa en polisistema propio e independente. Non se pode establecer un corte entre unha situación e outra, senón que máis ben é unha cuestión de grao. Depende do status que lle queira dar o investigador. O importante é que teña en conta a xerarquía, os solapamentos, as relacións entre uns sistemas e outros. Esta falta de definición nas entidades (polisistemas, sistemas, subsistemas) podería parecer un punto débil da teoría, pero resulta positivo pola proximidade coa realidade, que é máis confusa e indeterminada do que amosan outras teorías como a das literaturas nacionais.

Adoitamos considerar polisistemas aqueles que coinciden (en parte) coas literaturas nacionais, porque esa é a nosa tradición en Europa. Así, moitos estudosos da literatura falan de polisistema catalán, castelán, galego, vasco, etc., coma se fosen entidades separábeis e ás veces idénticas ás súas literaturas nacionais. Isto é, por exemplo, o que Figueroa (1992: 400-401) lle atribúe a Lambert, un destacado teórico dos polisistemas:

cando se refire ó sistema literario, aínda que as ideas de sistema ou polisistema de por si son pensables mesmo dentro doutros sistemas, e aínda que se pode ver en cada sistema un conxunto de sistemas, el case sempre o asocia a unha literatura nacional.

Quizais o mellor marco de referencia para delimitar polisistemas sexa o concepto de polisistema óptimo (Even-Zohar, 1990: 81), polisistema ideal pola súa complexa estratificación, xunto coa diferenciación de axentes. Isto é, algúns polisistemas resultan máis doadamente delimitábeis porque apenas comparten produtores, produtos, consumidores, institucións, etc. con outros

³ Cando se fala aquí da literatura catalá ou do polisistema catalán, pois, non se utiliza un criterio xeográfico restrinxido á comunidade autónoma de Cataluña, senón un criterio sistémico que atende ás relacións entre todos os factores polisistémicos. Aínda que as dificultades da delimitación son comentadas no corpo do traballo, pode indicarse aquí que a literatura catalá coincide, *grosso modo*, coa que utiliza a lingua catalá. Do mesmo xeito, cando se fala de literatura castelá, vasca, galega, etc. faise referencia aos seus polisistemas correspondentes.

polisistemas, como ocorre co italiano en relación co castelán. Ademais, ambos posúen unha estrutura e uns repertorios amplos (considerados óptimos), dirixidos a todos os grupos sociais preponderantes, o cal non quita que en certos momentos recorran a outros polisistemas para renovar os seus repertorios. Pola contra, en casos de convivencia de dous polisistemas nun mesmo territorio as relacións son máis directas, e poden ser moitos os axentes, institucións e mercados compartidos, moitas as interferencias, etc., como ocorre entre o polisistema catalán e o castelán. Polo tanto, as fronteiras son máis difusas e difíciles de delimitar. E canto máis dependente sexa un polisistema do outro, segundo o concepto de Even-Zohar (1990: 79)⁴, menos evidente será a súa condición de polisistema. Porque, podemos considerar o asturiano como un polisistema independente? Creo que actualmente só sería xustificábel baseándonos na idea de literatura nacional en formación, para o cal Torres (2004) propón o termo “protosistema”. Outra alternativa sería consideralo un sistema ou subsistema do castelán, xa que propón novas opcións (sobre todo o uso do bable) pero sen chegar a posuír unha estruturación máis ou menos óptima, cun repertorio considerado completo e uns axentes literarios propios e delimitábeis (aínda que, por suposto, algúns deles si existan). Na medida en que a literatura asturiana se xerarquice, propoñendo un repertorio amplo para todos os grupos sociais, e se conformen os seus propios axentes, achegarase tamén ao status de polisistema (óptimo).

51

En resumo, debemos considerar que polisistema e literatura nacional son conceptos diferentes, malia coincidiren parcialmente. O polisistema ha de englobar todos os fenómenos e factores literarios tal e como actúan na sociedade. A literatura nacional, pola súa parte, constitúe unha selección e organización (ideoloxicamente condicionada) de todos os fenómenos, cunha asociación identitaria nacional. Asemade, a configuración desta literatura nacional inflúe na do polisistema, posto que este é reflexo das actitudes e comportamentos sociais.

Volvendo á cuestión da compatibilidade da teoría do proceso interliterario coa polisistémica, vemos que as nocións de literatura nacional e polisistema non son mutuamente excluíntes, senón complementarias. Unha dáse dentro da outra, contribúe a organizala e poderíamos dicir que mesmo a representa

⁴ Un polisistema dependente é aquel que, por mor da falta de enerxía para ampliar os repertorios por si mesmo, recorre sistematicamente a outro para completar o seu repertorio con modelos foráneos.

ante a sociedade, aínda que non sexa máis que unha imaxe construída e distorsionada. O que cómpre ter presente é que non son nocións idénticas, intercambiábeis en calquera situación, pero si compatíbeis. Apoian esta idea o estudo das literaturas nacionais que fai o teórico principal dos polisistemas (Even-Zohar, 1986, 1994) e outros que tomaron as súas teorías, como Lambert (1983), Figueroa (1992), González-Millán (1994) ou Torres (2004). Casas (2003) adopta unha dobre aproximación interliteraria e polisistémica que aplica ao ámbito da Península Ibérica, demostrando así a proximidade de ambas as teorías ao trataren sobre as relacións interliterarias ou intersistémicas.

3. Propostas doutros autores

Lambert (1983: 362) propón un argumento similar ao xa exposto, que combina a literatura nacional co polisistema para delimitar as diferentes literaturas: “En tant que système de communication, les littératures ‘nationales’ paraissent s’organiser comme des ensembles auto-organiseurs”. Analiza tamén neste traballo as relacións intersistémicas da literatura en Bélxica, que constitúe un dos exemplos de CIE propostos por Āurišin. Lambert non pode aludir sequera á teoría do proceso interliterario, porque aínda non estaba ben desenvolvida no momento de escribir este artigo, pero as relacións que sinala entre os sectores literarios de Bélxica van na mesma dirección dos que propón Āurišin con respecto a esta CIE: vinculación da literatura belga francófona coa francesa, da belga en lingua holandesa coa de Holanda, e de ambos os sectores belgas entre si, especialmente (suxire Lambert, 1983: 367) polo que ten de semellante o seu comportamento con respecto aos polisistemas veciños.

Pola súa parte, Figueroa (1992) parece identificar ás veces literatura nacional e polisistema dunha maneira reducionista⁵. Non obstante, o seu traballo resulta valioso no seu intento de reconciliar tanto os conceptos como as teorías creadas para eles. Céntrase especialmente na delimitación de polisistemas e literaturas nacionais e na súa relación con outros do seu mesmo tipo: “descri-

⁵ “O sistema literario aparece pois coma un conxunto de actividades realizadas entre produtores (escritores), produtos (textos), consumidores (lectores), e que se efectúan nun ámbito mediante unha serie de normas, modelos e códigos” (Figueroa, 1992: 404). Nesta cita o concepto de polisistema non parece asimilado de todo, xa que exclúe factores como as institucións e o mercado, e ademais identifica os novos conceptos de produtor, produto e consumidor cos tradicionais de escritor, texto e lector, excluindo outros axentes dos polisistemas.

bi-las características dunha literatura nacional, as súas relacións coas veciñas, tendo en conta que, describindo estas relacións, tamén se describe o propio sistema literario” (1992: 401). Pola súa relación con este traballo, resulta conveniente revisar brevemente o artigo de Figueroa. Este autor establece varias liñas de investigación, que permiten delimitar as unidades literarias (literaturas nacionais ou polisistemas) e as súas relacións:

-As normas e modelos son diferentes en cada polisistema/literatura nacional, e asóciase a uns valores específicos que lles confiren certo status na xerarquía. Estas normas e modelos poden ser transferidos dunhas literaturas a outras, pero os valores asignados poden ser diferentes, co cal tamén se modificará o seu status.

- Cada polisistema (e en menor medida cada literatura nacional) posúe unha xerarquización diferente, constituída por varios centros e periferias, que non coincide coa doutros polisistemas. Esta xerarquización condiciona unha evolución específica para cada polisistema, aínda que tal dinamismo pode verse ameazado ante un considerábel número de axentes comúns a dous polisistemas.
- As “relacións literarias internacionais” maniféstanse en todos os ámbitos do sistema literario nacional e permite delimitalos.
- Cada polisistema/literatura nacional posúe o seu propio discurso metatextual.
- Cada polisistema/literatura nacional ten os seus “hábitos culturais de representación, de imaxinalo mundo e de imaxinarse a si mesmos” (1992: 406).

Aínda que estes criterios nos permiten delimitar os diferentes polisistemas asociados ás literaturas nacionais, non son distintos dos que delimitan sistemas e subsistemas. Así, por exemplo, o sistema da literatura infantil e xuvenil tamén posúe as súas propias normas e modelos, con distintos valores que noutros sistemas; ten unha xerarquización propia; mantén relacións con outros sistemas; posúe un discurso metatextual propio; proxecta unha imaxe particular de si e do mundo, cuns hábitos de representación específicos. Polo tanto, os criterios propostos por Figueroa só resultan útiles para delimitar polisistemas independentes se admitimos a hipótese (discutíbel) de que cada identidade nacional posúe o seu propio polisistema; e á inversa, que cada polisistema se corresponde cun grupo nacional distinto.

González-Millán (2001: 302), pola súa banda, admite que a teoría dos polisistemas pode ser axeitada para o estudo dos nacionalismos literarios, dende a análise dos discursos literarios. Ademais propón dúas maneiras de entender a literatura nacional: “dunha banda, como suma de todos os textos pertencentes a un determinado sistema literario, segundo criterios establecidos pola comunidade correspondente; e doutra, como canon duns textos lexitimados social e esteticamente” (1994: 69). González-Millán (1994: 71) equipara a “organicidade ou corporeidade funcional” da literatura nacional coa sistematicidade do polisistema. Con todo, xa se indicou anteriormente que o sistema literario nacional non recoñece todos os produtos literarios (exclúe traducións, produtos fronteirizos...), e polo tanto non se pode identificar literatura nacional con polisistema. No que atinxe á concepción da literatura nacional como canon, xa foi comentada a tendencia dos axentes nacional(istas) a destacar o canon e desdeñar a periferia. Engade González-Millán (1994: 71) que non existe canon sen articulación nacional: “O recoñecemento dun sistema literario pasa pola identificación dun canon e este é inconcibible sen a imposición dunha articulación nacional”. Pero lembremos que o canon non existe só a nivel do polisistema autónomo, senón que cada sistema ou subsistema (de literatura infantil e xuvenil, de literatura traducida...) posúe o seu propio canon, sen que este implique unha entidade nacional diferente.

Máis adecuada, polo tanto, resulta a postura de Torres (2004: 432). Este autor defende tamén a delimitación de polisistemas a partir das identidades nacionais, pero diferencia os conceptos e xustifica a súa vinculación: “entendido o sistema literario dum dado espazo sócio-político como umha rede em que se garante a existéncia dumha literatura nacional, as balizas que se querem impor para ele sejam as mesmas que as impostas para o ser nacional”. Isto non quere dicir que exista sempre un polisistema autónomo para cada identidade nacional, aínda que sexa esta a intención dos axentes literarios. Dende unha perspectiva teleolóxica ou programática, fálase de protosistema cando o polisistema (nacional) aínda non se constituíu plenamente, pero constitúe certas “práticas tendentes à configuração dum novo sistema segregado do sistema a que se está vinculado” (2004: 429). Esta é, polo tanto, a postura que semella máis correcta, sempre que non se esqueza que os polisistemas, e moito máis os protosistemas, non se atopan illados e perfectamente delimitados (o propio Torres comenta algúns fenómenos de fronteira entre varias literaturas nacionais, non limitados ás fronteiras físicas); máis ben ao contrario, están sempre en relación, máis ou menos estreita, con outros polisistemas literarios e culturais.

Neste sentido podería concedérselle á literatura galega (igual que á castelá, a catalá e a vasca) o status de polisistema, a pesar de que Torres denomina “(proto-)sistema” ao galego. Considérase aquí que estas catro literaturas se achan o suficientemente desenvolvidas e estratificadas como para falar de polisistemas, aínda que non sexan percibidos como polisistemas óptimos. É certo que habería moito que discutir sobre este asunto, pero non é este o lugar apropiado. Ao final é unha cuestión que queda a consideración do investigador. En todo caso o que hai que salientar é que estes catro polisistemas do ámbito español se atopan interrelacionados, uns en constante tensión cos outros. Ou, dende a perspectiva do proceso interliterario, as catro literaturas nacionais están interrelacionadas nunha CIE⁶. Vexamos entón en que consiste este concepto.

4. Nova concepción da CIE

Queda xustificada a idea de que as teorías polisistémicas e a do proceso interliterario poden ser compatíbeis e complementarias, sempre que non se perdan de vista as diferenzas subsistentes entre ambas. A seguir preséntase un exemplo de como se poden conxugar no concepto de CIE, entendido como un grupo de literaturas que manteñen unha relación especialmente estreita entre si. Este concepto parte da teoría do proceso interliterario (Durišin, 1993), pero pode ser adaptado á teoría dos polisistemas. En xeral, esta última resulta máis adecuada pola súa concepción da literatura en termos máis amplos e relacionais, e polo tanto terase máis en conta. O que nos achega a teoría do proceso interliterario é, por unha parte, a dimensión identitaria da literatura, que non debe ser esquecida cando estudamos o contexto (sociocultural e político) da literatura; por outra, multitude de consideracións acerca das relacións interliterarias, especialmente das formas de agruparse as literaturas en comunidades. Resultan acertadas moitas das consideracións de Ďurišin sobre os grupos de literaturas formados historicamente.

A este respecto, Even-Zohar trata as traducións e transferencias de maneira xeral, sen prestar grande atención á dimensión espacial das literaturas. É dicir, apenas menciona a diferenza entre relacións de literaturas cuxos axentes

⁶ Casas (2003: 72) comenta outras literaturas do ámbito español e peninsular: valenciano, aragonés, mirandés... Nestes casos si resulta conveniente falar de protosistemas, posto que se atopan nun estado de desenvolvemento moi precario.

comparten un mesmo territorio e aquelas xeograficamente distantes. Pola contra, Āurišin céntrase especialmente nas comunidades interliterarias dende o seu contexto xeográfico, lingüístico, político, etc., e estuda pormenorizada-mente as relacións que se establecen entre as diferentes literaturas illadas.

Non obstante, hai un aspecto moi relevante no que coinciden ambas as teorías: a consideración de grupos de literaturas que funcionan de modo análogo ás literaturas individuais. Así, para Āurišin as CIEs funcionan de xeito análogo á literatura nacional, e pon exemplos como o do ámbito español, o ámbito belga, o das antigas Iugoslavia, URSS, Checoslovaquia, etc. Para Even-Zohar (1978: 6) as diferentes literaturas nacionais intégranse en agrupacións que funcionan como un só mega-polisistema ou macro-polisistema:

Within a group of relatable national literatures, such as the literatures of Europe, hierarchical relations have been established since the very beginnings of these literatures. Within this (macro)-polysystem some literatures have taken peripheral positions (1990: 48).

56

O uso do concepto de literaturas nacionais nesta cita apoia a idea da compatibilidade entre a teoría polisistémica e a do proceso interliterario, aínda que resulta sorprendente a súa aparición nun dos textos básicos da teoría polisistémica. En calquera caso, non se pode pensar que as relacións intersistémicas se produzan unicamente entre literaturas nacionais. Por iso debemos considerar os macro-polisistemas non só como grupos de literaturas nacionais, senón tamén de polisistemas.

Ambos os conceptos, o de CIE e o de macro-polisistema, poden ser compatíbeis da mesma maneira que o son a literatura nacional e o polisistema. Cada un deles achega trazos e suxestións que complementan o outro. A CIE resulta especialmente interesante por todas as consideracións e fenómenos propostos por Āurišin para unha forma específica de agrupación de literaturas. O macro-polisistema, en cambio, apenas recibiu atención por parte dos investigadores, pero pode achegar unha base teórica importante pola súa analogía cos polisistemas.

Adóptase aquí a denominación de CIE porque designa un tipo específico de agrupación de literaturas, fronte ao máis xenérico de macro-polisistema. Dende o meu punto de vista, non existe unha ruptura tallante entre CIE e comunidades interliterarias clásicas, que son outros tipos de grupos de

literaturas segundo Āurišin. Pero si hai unha diferenza de grao que o termo macro-polisistema non permite distinguir. As CIEs constitúen grupos de literaturas (polisistemas consonte esta nova concepción) estreitamente interrelacionadas, que se desenvolven en interacción mutua. Destaquemos as características principais propostas por Āurišin, adaptándoas xa á teoría polisistémica:

a) Interacción de evolución moi directa e intensa. Dende unha perspectiva polisistémica a evolución non debería ser considerada unicamente en termos textuais, aínda que o propio Even-Zohar fai máis fincapé na evolución dos repertorios (a través da flutuación de modelos primarios e secundarios) que na evolución dos mercados, as institucións, as estruturas de produción (mecenaz, editoriais...), etc. Se consideramos que todos estes factores forman parte da literatura teremos que ter en conta tamén a súa evolución, que á súa vez pode condicionar a evolución dos repertorios e as estruturas repertoriais. Por exemplo, a consolidación e desenvolvemento da literatura infantil e xuvenil como un sistema amplo dentro dun polisistema non se debe unicamente á necesidade de renovar os repertorios, á tendencia dos polisistemas a diversificarse e estratificarse cada vez máis, ou á necesidade de cubrir lagoas creadas por outros polisistemas próximos. En moitas literaturas de formación recente o maior desenvolvemento da literatura infantil e xuvenil coincide (cronoloxicamente e lóxicamente) coa introdución do estudo da lingua correspondente na escola. Isto quere dicir que todos os factores polisistémicos inflúen na evolución da literatura, e polo tanto deberían ser considerados no seu estudo. Son os produtores e outros axentes os que deciden a evolución da literatura e planifican as relacións intersistémicas (aínda que non sempre conseguen impoñer o seu criterio), para o cal necesitan coñecer as outras literaturas.

Estas relacións son tanto máis directas canto menos necesarios sexan os intermediarios: traducións, autores que viaxan, recensións doutras literaturas... Especialmente directa é a relación en casos de convivencia de literaturas nun mesmo territorio. Nestas situacións, frecuentes nun marco político-administrativo común, os polisistemas que conviven adoitan compartir moitos produtores, consumidores, modelos repertoriais, institucións, mercados e mesmo produtos (en casos fronteirizos como o das obras bilingües, frecuentes en éuscaro/castelán). Por exemplo, a editorial SM publica libros en castelán, catalán, galego, éuscaro, asturiano e valenciano, e polo tanto participa en todas estas literaturas. Do mesmo xeito, moitos lectores en éuscaro o son tamén en castelán. Nunha libraría de Barcelona poden mercarse libros en catalán e castelán;

e así sucesivamente con todos os factores polisistémicos. Nestes casos os intermediarios non adoitan ser necesarios. Por exemplo, un galego pode ler obras en castelán sen necesidade de tradución (agás excepcións). O feito de que haxa traducións do castelán ao galego pode responder á intención de romper esta dinámica, de que os lectores galegos non lean tanto en castelán, de establecer unha evolución propia para a literatura galega, afastada da castelá.

En canto á intensidade da interacción, presupón o coñecemento da(s) outra(s) literatura(s); non só o coñecemento da súa existencia (en moitos lugares do planeta as literaturas catalá, vasca e galega son completamente descoñecidas), senón tamén da súa estrutura e repertorios. Este coñecemento pode chegar a través de relacións indirectas (con intermediarios) ou directas. No primeiro caso podemos falar, por exemplo, de traducións, de encontros de editores ou tradutores, de manuais de historia literaria ou de institucións asociadas (como as catro asociacións que integran a OEPLI⁷). Canto máis intensas sexan estas relacións entre polisistemas maior será o grao de interacción, xa que se terán en conta (estarán presentes) estas literaturas nos procesos de planificación e de produción. Polo tanto, a tendencia á aproximación, complementariedade ou afastamento das literaturas entre si (en termos de Āurišin) non será arbitraria, como podería ser se tentamos comparar dúas literaturas cuxos axentes se descoñecen mutuamente.

Estas relacións (directas ou indirectas) e a interacción de evolución non se dan de igual maneira entre todas as literaturas unhas con outras. Normalmente en cada CIE hai un ou máis polisistemas centrais que aglutinan os outros ao seu redor, relacionándose con eles en maior medida que os outros entre si. Por exemplo, a literatura castelá mantén coas literaturas vasca, galega e catalá unha relación moito máis intensa e directa que estoutros polisistemas entre si. En ocasións, a interacción entre as literaturas non centrais é escasa, como ocorre por exemplo entre os polisistemas lituano e moldavo⁸, na CIE da antiga Unión Soviética. E, en cambio, as relacións dunha literatura con outra

⁷ A Organización Española para el Libro Infantil (OEPLI) agrupa catro asociacións de literatura infantil e xuvenil que representan outras tantas literaturas da CIE española: Consejo General del Libro Infantil y Juvenil, CCLLJ (Consell Català del Llibre per a Infants i Joves), GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil) e Galtzagorri Elkartea.

⁸ Por exemplo, o *Index Translationum* rexistra nove traducións literarias do letón ao moldavo (o que supón o 0,88% das traducións literarias a esta lingua) e outras nove en sentido inverso, que constitúen o 0,36% das traducións literarias ao lituano.

externa á comunidade poden ser estreitas, como ocorre entre as literaturas galega e portuguesa⁹. Nestes casos é a literatura central a que determina a existencia da CIE.

b) Asociación mutua, interdependencia e interrelación dos polisistemas na forma dun polisistema maior. Isto implica que unha(s) literatura(s) asuman as posicións centrais, mentres que outras se sitúan na periferia, tanto a nivel de lexitimación social coma de institucionalización, de capacidade para impoñer as propias normas, etc. Deste xeito, dáse unha tensión constante (interacción) entre uns polisistemas e outros.

c) É habitual, aínda que non unha condición *sine qua non*, a existencia dun contexto sociocultural, político e económico similar, que favorece as relacións intersistémicas (e afinidades tipolóxicas, segundo a concepción de Āurišin). Frecuentemente estas literaturas forman ou formaron parte dun Estado común (así ocorre con todas as CIEs europeas mencionadas por Āurišin), que tende a crear unha identidade nacional global para a CIE. Ademais, a unidade político-administrativa pode establecer algunhas condicións similares para todas as literaturas, como son o marco legal común, subvencións á produción, un currículo educativo común... Por máis que con frecuencia o que se fai é promocionar unha literatura en detrimento das outras, condicionando a aparición de formas de convivencia de literaturas, como ocorre na CIE española.

Así pois, esta nova concepción da CIE permite traballar coa teoría dos polisistemas, con todas as vantaxes que implica, sen perder de vista os estudos que Āurišin realizou durante moitos anos para un concepto similar.

5. Conclusións

Neste traballo demostrouse que as concepcións da literatura propostas por Āurišin e Even-Zohar poden ser conxugadas nun mesmo traballo, entendendo que a teoría do proceso interliterario traballa con seleccións da realidade

⁹ Por exemplo, a porcentaxe de traducións do portugués (sobre o total de traducións á lingua meta) é maior na literatura galega que en calquera outra da CIE española, aínda que as traducións en sentido contrario non sexan relevantes. Pero ademais as relacións entre a literatura galega e a portuguesa maniféstanse noutros aspectos: por exemplo na difusión de non-traducións e nos encontros de produtores.

impostas socialmente (literaturas nacionais, canon literario, preponderancia dos textos e os autores...), mentres que a teoría dos polisistemas pretende abarcar o conxunto dos elementos relacionados coa literatura, sen excluír os anteriores.

Na presentación de autores que traballaron con ambas as teorías ao mesmo tempo púxose de relevo, por unha banda, a dificultade de asimilar totalmente unha segunda concepción da literatura cando outra xa está asimilada pola nosa bagaxe cultural. Por outra parte, manifestouse a dificultade de delimitar os polisistemas entre si sen recorrer ao concepto de literatura nacional, xa que aqueles posúen unha estrutura case idéntica á dos sistemas e sub-sistemas que os compoñen, ou á dos proto-sistemas cos que se pretende formar un novo sistema.

Finalmente, adaptáronse as características das CIEs propostas por Āurišin á teoría dos polisistemas, a modo de exemplo de como os estudos sobre o proceso interliterario poden complementar os da teoría polisistémica. O resultado é un concepto valioso para a investigación de grupos de literaturas, como por exemplo o que forman as literaturas do ámbito español.

60

Mónica Domínguez Pérez

Universidade de Santiago de Compostela/University of Abuja

Bibliografía

- Cabo, Fernando. 2001. "National Canon Formation as Interliterary Process: The Spanish Case" [en línea], en *Literary Research/Recherche littéraire*, nº 18 (35). <http://collection.nlc-bnc.ca/100/201/300/literary_research-ef/n28-n36/old35/ArticlesCabo.htm> [Consulta: 19 agosto 2004].
- 2004. "El giro espacial de la historiografía literaria", en *Bases metodológicas para unha historia comparada das literaturas na Península Ibérica* (coords. A. Abuín e A. Tarrío). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, pp. 21-43.
- Casas, Arturo. 2003. "Sistema interliterario y planificación historiográfica a propósito del espacio geocultural ibérico", en *Interlitteraria*, nº 8, pp. 68-97.

- Đurišin, Dionýz. 1984. *Theory of Literary Comparatistics*. Trad. J. Kocmanová. Bratislava: Slovak Academy of Sciences.
- 1989. *Theory of Interliterary Process*. Trad. J. Kocmanová e Z. Pistek. Bratislava: Slovak Academy of Sciences.
- 1993. *Communautés interlittéraires spécifiques 6: notions et principes*. Bratislava: Academie Slovaque des Sciences.
- 2000. “Convergenze tra le ricerche italiane e slovacche sull’interlitterarietà”, trad. F. Sinopoli, en *Il Mediterraneo. Una rete interletteraria* (eds. Đurišin e A. Gnisci). Roma: Bulzoni, pp. 173-179.
- Even-Zohar, Itamar. 1978. *Papers in Historical Poetics* [en línea], en *Itamar EVEN-ZOHAR’s Site*, <<http://www.tau.ac.il/~itamarez/works/books/php1978.pdf>> [Consulta: 27 xullo 2004].
- 1979. “Polysystem Theory”, en *Poetics Today*, n° 1 (2), pp. 287-310.
- 1986. “Language Conflict and National Identity” [en línea], en *Itamar EVEN-ZOHAR’s Site*, <<http://www.tau.ac.il/~itamarez/works/papers/papers/lingconfl.htm>> [Consulta: 27 xulo 2004].
- 1990. *Polysystem Studies*, en *Poetics Today*, n° 11 (1).
- 1994. “La Función de la literatura en la creación de las naciones de Europa”, trad. M. Iglesias, en *Avances en Teoría de la literatura: Estética de la Recepción, Pragmática, Teoría Empírica y Teoría de los Polisistemas* (ed. D. Villanueva). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 357-377.
- 2002. “Culture Planning and Cultural Resistance in the Making and Maintaining of Entities” [en línea], en *Itamar EVEN-ZOHAR’s Site*, <http://www.tau.ac.il/~itamarez/works/papers/papers/cultural_resistance-2002.pdf>, 45-52. [Consulta: 2 agosto 2004].
- 2004. *Papers in Culture Research* [en línea], en *Itamar EVEN-ZOHAR’s Site*, <<http://www.tau.ac.il/~itamarez/works/books/ez-cr2004.pdf>> [Consulta: 27 xullo 2004].
- Figuroa, Antón. 1992. “Literatura nacional e sistema literario”, en *A Trabe de Ouro*, n° 3 (3), pp. 399-407.
- González-Millán, Xoán. 1994. “Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega”, en *Anuario de estudos literarios galegos*, pp. 67-81.

- González-Millán, Xoán. 2000. *Resistencia cultural e diferenca histórica: a experiencia da subalternidade*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- 2001. “Os problemas dunha lectura (poli)sistémica da literatura”, en *Silva. Studia Philologica in honorem Isaiás Lerner* (eds. I. Lozano-Renieblas e J.C. Mercado). Madrid: Castalia, pp. 301-313.
- Lambert, José. 1983. “L'éternelle question des frontières: littératures nationales et systèmes littéraires”, en *Langue, dialecte, littérature* (eds. C. Angelet et al.). Leuven: Leuven University Press, pp. 355-369.
- Torres, Elías. 2004. “Contributos sobre o objecto de estudo e metodoloxía sistémica. Sistemas literarios e literaturas nacionais”, en *Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas na Península Ibérica* (coords. A. Abuín e A. Tarrío). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, pp. 423-444.
- Toury, Gideon. 1995. *Descriptive Translation Studies and Beyond*. Ámsterdam-Philadelphia: John Benjamins Publishing Company. [Tradución ao castelán, *Los estudios descriptivos de traducción y más allá: metodología de la investigación en estudios de traducción*. Trad. R. Rabadán e R. Merino. Madrid: Cátedra, 2004].
- 62 UNESCO. *Index Translationum* [en línea]. UNESCO.
<<http://databases.unesco.org/xtrans/xtra-form.shtml>> [Consulta: 24 xuño 2004].